

EDUCACIÓN EN DEREITOS



© UNICEF/NYHQ2003-0081/John McConnico

GUÍA DE AUTOAVALIACIÓN

TRANSFORMAR A EDUCACIÓN DESDE OS DEREITOS DA INFANCIA

Dirección

Nacho Guadix

Edición

Oscar Belmonte

Amaya López de Turiso

Andrés Muñoz Rico

Equipo investigador

Universidade de Lleida

M. Àngels Balsells

Jordi Coiduras

Carles Alsinet

Aida Urrea

Fotografías

©UNICEF España/2012/Ajay Hirani

Diseño gráfico

Rex Media SL

Está publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). O contido da devandita publicación é responsabilidade exclusiva UNICEF Comité Español e non reflicte necesariamente a opinión da AECID".



Introdución

Nos nosos centros educativos, os dereitos dos nenos e das nenas, ¿coñécense ou vívense? Ten sentido que sexan algo máis que un contido curricular? Son preguntas recorrentes nas conversas que estamos a manter cun gran número de docentes preocupados polo tema. Claro que para vivilos hai que coñecelos, ver o seu valor como elemento vehicular e desenvolvelos nos elementos organizativos do centro para facer coherentes esas dúas dimensións. Esta misión debería implicar a toda a comunidade educativa, un colectivo dinámico, heteroxéneo e de motivacións diversas.

A Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas (CDN) de 1989 é o tratado de dereitos humanos máis amplamente ratificado da historia e é o que afecta en primeiro lugar aos nosos estudantes ata que fagan os dezoito anos e do que poden sentirse máis protagonistas. A perspectiva de dereito e responsabilidade xunto coa de cidadanía global preséntanos un potente instrumento que pode contribuír a unha transformación da educación á altura dos compromisos que puxemos como sociedade.

Despois dun tempo de escoita activa, de investigación e reflexión, presentámosvos esta guía coa que queremos axudar aos centros educativos que queiran recorrer este camiño, que queiran facer da cidadanía responsable un sinal de identidade e incorporar a CDN en todos os ámbitos escolares coa implicación da comunidade educativa no seu conxunto. Convidámosvos a que realicedes unha autoavaliación e diagnóstico inicial para poder evolucionar desde un modelo en que os dereitos da infancia son obxecto de actividades do ensino – aprendízase cara un modelo máis holístico no que pasan a ser o motor da vida no centro educativo. Pois ben, dito isto, no teu centro os dereitos dos nenos e das nenas ¿coñécense ou vívense?

■ Proxecto de investigación

En 2010 UNICEF Comité Español puxo en marcha un proxecto de investigación xunto ao Departamento de Pedagogía e Psicoloxía da Universidade de Lleida, para darlle pulo á incorporación da Convención dos Dereitos do Neno (CDN) na organización escolar dos centros de educación infantil, primaria e secundaria.

Con esta investigación quixemos, en primeiro lugar, diagnosticar as posibilidades e barreiras da organización escolar para: a) fomentar a participación dos alumnos nos centros educativos; b) xerar un clima escolar que favoreza os valores recoñecidos na CDN; c) dar a coñecer a todos os colectivos representados nos consellos escolares a CDN e; d) incorporar a CDN no Proxecto Educativo do centro. En segundo lugar, identificar as necesidades formativas de cada un dos colectivos representados nos consellos escolares relacionadas coa CDN. E por último, captar ideas emerxentes e en valor que servisen para a introdución da CDN na organización dos centros educativos.

Para iso organizáronse 13 grupos de discusión cunha mostra de estudo de 124 persoas; entre docentes, pais, nais e alumnado. Ademais 2300 nenos, nenas e adolescentes responderon a un cuestionario para coñecer a súa percepción sobre os dereitos da infancia.



Por que comprometerse

Por que comprometerse cos dereitos da infancia no proxecto educativo?

Cando a práctica docente integra os dereitos da infancia como principios éticos e normas universais de conduta, transforma definitivamente a realidade do centro educativo:

- >> Mellora a autoestima do alumnado.
- >> Predispón positivamente cara a diversidade e reduce os prexuizos.
- >> Mellora as condutas e as relacións entre o alumnado.
- >> Proporciona satisfacción ao desempeño do profesorado.
- >> Consolida a integración e o recoñecemento entre os compoñentes da comunidade educativa.
- >> Traslada esa implicación a outros ámbitos educativos do alumnado e mellora os seus resultados académicos.



Vantaxes para os docentes. Integrar as demandas educativas

O propio exercicio da docencia e a crecente autonomía dos centros educativos confróntannos co reto de responder satisfactoriamente a numerosas demandas sociais sobre a formación do noso alumnado. Estas demandas caracterízanse por seren moi diversas e, no seu conxunto, amósanse de forma inconexa e a miúdo contraditoria. O enfoque en dereitos da infancia constitúese nun valioso eixe vertebrador porque:

- >> Se basea nun consenso universal arredor dos dereitos da infancia, e favorece a superación das dimensións ideolóxicas excluíntes.
- >> Agrupa e estrutura as numerosas demandas formativas, e dótaas de consistencia axiolóxica.
- >> Ofrece un marco de traballo flexible e profundo desde o que aproximarse á resolución de conflitos específicos.

Beneficio para as familias. A importancia dunha educación integral

Un requisito esencial da educación que desexamos para os nosos fillos é que sexa integral, que atenda a todas as dimensións e manifestacións da súa personalidade. A educación debe dotar aos nenos, nenas e adolescentes dos coñecementos e habilidades necesarias para desenvolverse plenamente. O enfoque en dereitos da infancia constitúese nun valioso eixe do ensino porque:

- >> Axuda aos nenos a seren conscientes tanto dos seus dereitos como das súas responsabilidades.
- >> Agrupa e estrutura as numerosas demandas formativas arredor dos valores educativos fundamentais.
- >> Fomenta a súa implicación activa na sociedade e desenvolve hábitos de participación democrática.
- >> Ofrece un marco de traballo flexible e profundo desde o que aproximarse á resolución de conflitos específicos.

■ Dereitos en acción

Que na nosa escola se adopte un enfoque de dereitos da infancia non significa que vaíamos ter unha materia nova para aprendelos de memoria. O importante dos dereitos non é sabelos ao pé da letra, senón entender como o seu cumprimento afecta ao día a día da nosa aprendizaxe, dos nosos tempos de lecer e das relacións que mantemos coas persoas que forman a comunidade escolar. Aínda que por veces non nos deamos conta, a escola non só é o lugar onde aprendemos historia ou matemáticas. Tamén aprendemos a aprender, melloramos as nosas habilidades de convivencia e preparámonos para sermos cidadáns do mundo. Os dereitos da infancia axúdannos a sermos autónomos, responsables e respectuosos con nós mesmos, coas demais persoas e a nosa contorna.



Por que comprometerse

0 noso compromiso

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, as nenas e adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, desenvolver a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos. Comprometerse cos dereitos da infancia no ámbito educativo implica:





6

Respectar a liberdade do menor de ter ou adoptar a relixión ou crenzas da súa elección e de manifestalas, tanto en público como en privado.

7

Promover unha contorna de relación interpersonal que fomente a igualdade, o respecto pola dignidade das persoas, a saúde e a convivencia pacífica.

8

Adoptar medidas normativas, organizativas e educativas necesarias para garantir a protección fronte ao maltrato, as humillacións e os abusos sexuais, e prever os riscos de prexuízos físicos ou mentais de calquera tipo. Así mesmo, promover o coñecemento da infancia dos riscos presentes na súa contorna e fomentar o desenvolvemento de medidas de autoprotección.

9

Garantir a protección fronte a calquera forma de discriminación por razón de cultura, relixión, orixe, idioma, sexo ou de calquera índole.

10

Promover o dereito da infancia a gozar do xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade, así como a participar na vida cultural, as artes e o medio natural.

Que podedes facer?

Nesta guía propoñémosvos que iniciades un proceso de autoavaliación e diagnóstico inicial en grupo, arredor dun compromiso cos dereitos da infancia no centro educativo. Con iso propoñémosvos que fagades un exercicio de reflexión sobre as políticas e prácticas que se levan a cabo no colexio ou no instituto.

Pero este é só un punto de partida dun proceso de transformación e de mellora, que podedes implementar dunha forma autónoma ou coa axuda de UNICEF.

MAPA DO PROCESO DE AUTOAVAL

1. AUTOAVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Organización:

- 5 grupos de traballo.
- 1 reunión cada grupo.

Tarefas:

- Cumprimentar os cuestionarios.
- Consensuar propostas de mellora.
- Nomear unha persoa portavoz do grupo para a reunión de autodiagnóstico.

Ferramentas:

- Cuestionarios.



IACIÓN E DIAGNÓSTICO INICIAL

opcional

2. AUTODIAGNÓSTICO E TOMA DE DECISIONS

Organización:

- 1 grupo coordinador.
- 1 reunión.

Tarefas:

- Avaliar os resultados dos cuestionarios.
- Consensuar en que ámbitos traballar (con base no decidido polos grupos).

Ferramentas:

- Termómetro de diagnóstico.
- Cuestionarios.

CONTACTO CON UNICEF

- O equipo directivo contacta con UNICEF.
- UNICEF asesora sobre como desenvolver o proxecto.
- O centro educativo comprométese a poñer en práctica as melloras propostas.

Avalía o teu centro educativo

Como levar a cabo o proceso de autoavaliación e diagnóstico inicial?

O equipo directivo debe iniciar o traballo de estudo da proposta que vos lanza UNICEF, mediante o exame desta guía e a análise das implicacións que supón en canto á dedicación de tempo e esforzos. Propoñémosvos que sexan os membros deste equipo os que lideren esta fase inicial, mediante a difusión dos materiais e da información a toda a comunidade educativa.

Unha vez que o profesorado, alumnado, as familias e o resto de membros do centro están interesados en realizaren a autoavaliación e o diagnóstico inicial, recomendámosvos que establezades os seguintes grupos de traballo:

- **Grupo 1:** composto polo equipo directivo, coordinadores/as do ciclo e da etapa, directores/as do departamento e membros dos equipos de orientación.
- **Grupo 2:** formado polos titores/as.
- **Grupo 3:** composto polas familias que queiran participar.
- **Grupo 4:** integrado polo alumnado interesado.
- **Grupo 5:** outro persoal do centro que poida ter interese, como o Persoal de Administración e Servizos (PAS), o responsable municipal, técnicos de comedor e das actividades extraescolares, etc.

Cada un destes grupos debe realizar a autoavaliación e diagnóstico inicial dunha forma autónoma, nunha reunión de traballo na que terán que responder ás preguntas do seu respectivo cuestionario en liña e realizaren propostas de mellora nos ámbitos que consideran máis importantes.

En cada un dos grupos débese elixir unha persoa que os represente para que asista a unha segunda reunión na que se poñen en común os resultados do diagnóstico elaborado polos grupos e onde se confecciona unha proposta conxunta de melloras, con base no decidido polos distintos grupos de traballo.





Que recomendacións vos facemos?

Con esta guía convidámosvos a que iniciades un proceso de reflexión sobre as políticas e prácticas educativas que levades a cabo no centro escolar. Non consiste nun exame, senón que é unha proposta cara a mellora en beneficio dos dereitos da infancia. En ningún caso os resultados desta avaliación supoñen unha certificación por parte de UNICEF sobre o que o centro escolar realiza.

De cara a que poidades sacarlle o maior partido a esta actividade, recomendámosvos que:

- Deades a suficiente importancia á participación. Intentade que se involucren o maior número de persoas posible. Facede un esforzo de difusión e dinamización entre toda a comunidade escolar. Sería recomendable que a autoavaliación e diagnóstico os realicen os 5 grupos de traballo, pero pode levarse a cabo sen algún deles.
- Sexades respectuosos co traballo realizado por cada grupo e que intentedes consensuar as propostas de mellora, para que sexan representativas das decisións adoptadas pola comunidade escolar.
- Sexades realistas nas propostas de mellora e lle deades prioridade a aquelas que consideredes máis urxentes. Recomendámosvos que elaboredes un itinerario de mellora, coas propostas ordenadas pola importancia e organizadas temporalmente.

Avalía o teu centro educativo

Que vos facilita UNICEF?

Proporcionámosvos varias ferramentas para que poidades levar a cabo este traballo de autoavaliación, diagnóstico inicial e a elaboración de propostas de mellora:

- **Cuestionario:** unha versión para cada grupo de traballo. Está en formato en liña e debe completarse por cada un dos colectivos na primeira reunión.
- **Propostas de mellora:** cada grupo deberá elixir que cambios facer no centro educativo.
- **Termómetro de diagnóstico:** cos resultados dos cuestionarios poderedes ver que opina cada un dos grupos sobre distintos ámbitos da vida escolar. Está dispoñible en liña.
- **Documento final de mellora:** con base nas propostas de mellora realizadas por cada grupo, os representantes de cada colectivo deben consensuar unha proposta unificada. Está dispoñible en liña.
- **Coñecer para transformar:** información para enriquecer o debate dos grupos de traballo sobre o enfoque educativo de UNICEF, incluída ao final desta Guía.

Podedes acceder a elas en www.enredate.org/educacionenderechos



Como organizar o traballo en grupos?

Propoñémosvos que facilitedes a participación activa das persoas interesadas, mediante a confección de grupos de traballo, nos que se acheguen opinións en situacións de igualdade. Estes deben estar conformados por unha persoa que exerza de moderador e os participantes.

A persoa que actúe como moderador é o que coordina o desenvolvemento das sesións de traballo e supervisa o control de tempos. Debe motivar aos integrantes do grupo para que participen activamente e non debe achegar opinións nin contidos. Recoméndase que quen exerza de moderador sexa elixido polos compoñentes de cada grupo.

Os participantes son o conxunto de persoas que manifestaron o seu interese en incorporarse ao proceso, que o fan de maneira individual e segundo a súa pertenza aos colectivos que se corresponden con cada un dos cinco grupos.

O grupo de traballo debe ser dun tamaño que permita a todos os asistentes falar e poder escoitar aos demais, e facilite un posible debate e intercambio de opinións. A ratio idónea é de 10-15 persoas. No caso de que haxa moitas persoas interesadas en participar, por exemplo por parte do alumnado ou das familias, propoñémosvos que realicedes distintos grupos de traballo para cada colectivo.

■ GRUPO DO ALUMNADO

Os docentes que lideren este proceso de autoavaliación e diagnóstico inicial deben valorar se é necesaria a súa presenza nas reunións do grupo de alumnado. Aconsellamos que esta presenza sexa permanente nos grupos con estudantes de educación primaria. Nos grupos da ESO e de estudos superiores, a presenza do profesor, se a houbese, debe limitarse ao inicio e ao final da sesión.

Nos grupos con alumnado recoméndase que ademais dun moderador, haxa tamén un comoderador. Os estudantes que realicen estas funcións deben preferentemente coñecer o centro escolar. En consecuencia, sería interesante que fosen membros dalgunha das comisións do centro, como por exemplo, do Consello Escolar, da Comisión de Delegados do Centro, etc.



Avalía o teu centro educativo

Como se desenvolven as reunións dos grupos de traballo?

Cada un dos cinco grupos de traballo debe realizar unha reunión en que se recomenda que:

- Quen exerza de moderador reciba e saúde a todos os asistentes á sesión de traballo.
- Os participantes deben sentar en forma de círculo e cando todo o mundo estea no seu lugar se inicie a sesión grupal.
- Se presenten todos os asistentes do grupo.
- O moderador explique os obxectivos da sesión e recorde as normas:
 - a. Duración da sesión.
 - b. Clima de participación libre e en situación de igualdade
 - c. Respecto ás opinións dos demais
- Durante a sesión o moderador a conduza, faga respectar as quendas de palabra e leve o control de tempos.

Para esta reunión propoñémosvos a seguinte secuencia:

Reunión 1: Autoavaliación e propostas de mellora

1. **Presentación dos participantes do grupo.**
2. **Realización da sesión segundo os obxectivos:**
 - Débese cumprimentar o respectivo cuestionario en liña.
 - Débese realizar unha proposta consensuada de mellora (segundo o modelo).
 - Selección dunha persoa que represente a grupo na seguinte reunión
3. **Agradecemento pola participación.**
4. **Peche e despedida.**

DURACIÓN: 2 HORAS

RECURSOS:

- Cuestionario en liña.
- Propostas de mellora

Unha vez realizada a reunión dos grupos, debe ter lugar unha segunda cos representantes de grupos, coa seguinte secuencia:

Reunión 2: Autodiagnóstico e toma de decisións

Presentación dos representantes dos grupos.

2. **Realización da sesión segundo os obxectivos:**
 - Cada representante debe expoñer as conclusións do grupo sobre o diagnóstico.
 - Cada representante debe expoñer a proposta de mellora do grupo.
 - Débese realizar unha proposta conxunta de mellora (segundo o modelo).
3. **Agradecemento pola participación.**
4. **Peche e despedida.**

DURACIÓN: 2 HORAS

RECURSOS:

- Termómetro de diagnóstico
- Documento de mellora

Unha vez que fixemos todo, que facemos?

Xa fixestes o máis difícil. Agora só vos falta poñelo en marcha. O convite que vos lanza UNICEF está pensado para que poida ser levado polo centro educativo dunha forma autónoma. Pero no caso de que queirades recibir asesoramento sobre como implementar as propostas de mellora, cun enfoque de dereitos da infancia, podeades poñervos en contacto con nós a través do sitio web www.enredate.org/educacionenderechos.



Coñecer para transformar

Neste apartado facilitámosvos información sobre o enfoque educativo de UNICEF, para enriquecer o debate dos grupos de discusión.

Que é a Convención sobre os Dereitos do Neno?



A Convención sobre os Dereitos do Neno puxo en marcha un proceso de cambio social, unha revolución silenciosa que consiste en decenas de miles de iniciativas en todo o mundo, que está a dar pé a profundos cambios para as futuras xeracións.

A comunidade internacional, a través da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, aprobou en 1989 o tratado de dereitos humanos máis amplamente ratificado da historia: a Convención sobre os Dereitos do Neno. Os Estados parte deste tratado están na obriga de adaptar as súas leis nacionais consonte á Convención.

Algunhas das súas principais achegas son:

- >> Os nenos e as nenas considéranse suxeitos de dereito.
- >> O establecemento do concepto “neno” desde os 0 aos 18 anos.
- >> Sempre debe prevalecer o interese superior do neno en calquera decisión que tomen os adultos sobre o seu futuro.
- >> Non existe un dereito máis importante que outro e é necesario cumprilos todos en todo o mundo.
- >> Os Estados son responsables do cumprimento dos dereitos da infancia tanto no seu territorio como fóra del (a través da cooperación internacional).
- >> Inclúe todos os dereitos relativos á supervivencia infantil, á non discriminación, ao pleno desenvolvemento físico, mental e social e á participación infantil.
- >> Os Estados son avaliados periodicamente polo Comité dos Dereitos do Neno para medir os seus avances.

Máis alá dos aspectos legais, a Convención ofrécenos un horizonte en que os dereitos da infancia se converten en principios éticos perdurables e normas internacionais de conduta cara os nenos como colectivo máis vulnerable, o que supón un enorme avance para aquelas sociedades que conseguen o seu pleno cumprimento.

■ Por que unha convención exclusiva para os dereitos da infancia?

Todas as persoas inician a súa vida como seres totalmente dependentes. Os nenos, as nenas e os adolescentes precisan dos coidados e da orientación dos adultos para evolucionar ata a independencia: teñen dereito a unha protección especial.

Os nenos son individuos: non son propiedade dos pais ou do Estado. Tampouco son meramente “persoas en desenvolvemento”. Rara vez se escoitan e sopesan as opinións dos nenos no proceso político. Os menores xeralmente non votan nin participan de ningún outro modo nas decisións.

As medidas, ou omisións, dos gobernos poden repercutir con maior contundencia sobre a infancia que sobre calquera outro grupo social.

Moitos cambios acontecidos na sociedade están a repercutir de forma desproporcionada, e a miúdo negativa, na infancia. Factores como a transformación da estrutura familiar, a globalización, os cambiantes patróns ocupacionais ou as crises teñen fortes repercusións sobre a infancia.

O desenvolvemento saudable dos nenos, das nenas e dos adolescentes é crucial para o benestar futuro da sociedade. Os custos de desatender á infancia son enormes para a sociedade.



■ A competencia social e cidadá

Esta competencia básica capacita para comprender a realidade social en que vivimos, anima a cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural e axuda a comprometerse a contribuír na súa mellora. Nela están integrados coñecementos e habilidades complexas, que van desde a participación, a toma de decisións e a adaptación a diferentes formas de comportamento, ata a responsabilidade nas decisións tomadas.

A Convención sobre os Dereitos do Neno reconece a nenos, nenas e adolescentes como cidadáns de pleno dereito aquí e agora e non só como futuros cidadáns do día de mañá. A educación baseada nos dereitos da infancia afianza o desenvolvemento da competencia social e cidadá do alumnado, desde o recoñecemento da infancia como parte activa da sociedade.

A participación infantil

A participación é un proceso educativo e como tal apréndese con formación e experiencia. É frecuente utilizar a imaxe dunha escaleira, como fixo Roger Hart (1992); para explicar o grao de participación que os nenos, as nenas e os adolescentes poden ter nunha iniciativa. Nunha escaleira de oito chanzos, os tres chanzos inferiores correspóndense con proxectos onde non existe realmente unha participación activa da infancia. Os cinco chanzos superiores da escaleira representan niveis que medran en participación real. Destes últimos cada un pode ser axeitado nun momento distinto, en función da idade, do desenvolvemento da autonomía moral e dos hábitos de participación.

A ESCALEIRA DA PARTICIPACIÓN

Decisión inicial dos nenos, das nenas e da mocidade compartida cos adultos. Este último nivel de participación establécese cando a infancia e a mocidade incorpora aos adultos nos proxectos que eles mesmos deseñaron e dirixiron.

Iniciados e dirixidos polos nenos, as nenas e a mocidade. Neste chanzo inclúense as actividades en que a infancia está preparada para crear e desenvolver por si mesma. Estas actividades nacen, en ocasións, de maneira esporádica e, de forma progresiva vanse elaborando como xogos cooperativos capaces de desenvolverse á marxe da dirección dos adultos, que en ocasións non saben responder de maneira axeitada ás iniciativas que xorden dos propios nenos e da mocidade.

Iniciados polos adultos que comparten decisións coa infancia. Este nivel pódese considerar como o inicio do grao de participación, porque aínda que os proxectos están iniciados polos adultos, os nenos e a mocidade comparten con eles a toma de decisións. Este proceso iníciase cando o proxecto permite á comunidade un alto índice de participación que facilita o desenvolvemento, a implementación e a avaliación do proxecto.

Consultados e informados. O proxecto está deseñado e desenvolvido polos adultos pero a opinión infantil é tomada en consideración durante todo o proceso de decisión. Neste chanzo os nenos e as nenas son coñecedores dos obxectivos do proxecto en xeral e da súa intervención particular.

Orientados pero informados. Este nivel debe permitir que os nenos e as nenas tomen parte nas actividades que se realizan nun programa concreto, aínda que non participen de maneira directa activa na planificación, sempre que eles sexan coñecedores dos obxectivos do proxecto en xeral e da súa intervención en particular.

Simbolismo. Situacións nas que se lle dá voz aos nenos e ás nenas e pídese a súa opinión, sen ilustrar ningún concepto significativo sobre o tema, sen que poidan expresar a súa posición ou consultar co grupo de iguais, aos que supostamente representan. Neste nivel, e baixo o signo da participación, a infancia emprégase como obxecto e as súas intervencións están mediatizadas polos adultos, que están máis preocupados polo eco da actividade que polo seu contido.

Decoración. Proponse a presenza de nenos e nenas simplemente para "decorar" ou "animar" unha determinada actividade. Enténdese como o concepto da infancia como anuncio. Neste nivel utilízanse os nenos e as nenas para fortalecer a acción de maneira indirecta.

Manipulación. Cando os nenos e as nenas nin coñecen nin entenden os temas en que están a actuar. Os adultos usan aos nenos para promover causas que lles afectan directamente pero sen acompañalos na súa comprensión.

Beneficios da participación

Na actualidade existe un importante consenso en valorar a participación social como unha importante ferramenta que contribúe ao desenvolvemento das persoas e das comunidades. A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social, amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade. A participación é unha oportunidade que se pode e se debe aprender. Os principais beneficios son:

Nos nenos e nas nenas, melloran as súas capacidades e potencialidades persoais. Fomenta a autonomía, a creatividade e o espírito crítico.

Na aula, desenvólvense procesos proactivos na toma de decisións. As aprendizaxes son máis sólidas, e melloran as capacidades de reflexión e elección.

No centro educativo, facilitan os procesos de cohesión social e de mediación na resolución de conflitos. Mellórase o clima do centro educativo, e promove un espazo de escoita activa e de diálogo entre todos os membros da comunidade educativa.

Na contorna, ao entender aos nenos, ás nenas e aos adolescentes como cidadáns. Como membros activos da comunidade onde expoñen os seus proxectos, as súas opinións e cumpren coas súas obrigas e as súas responsabilidades.

Algunhas estratexias participativas

A continuación presentaremos algunhas iniciativas para favorecer e mellorar os procesos de participación nos centros educativos:

- **Asembleas da aula**, que permiten crear unha contorna na aula para poder reflexionar arredor das situacións favorables e desfavorables. Nenas e nenos teñen oportunidade de tomar decisións en relación ás súas aprendizaxes e ao currículo.
- **Asembleas de delegados**, que favorecen transmitir a información e as propostas entre os diferentes delegados de todos os niveis e do centro educativo.
- **Involucrados na vida do centro**. O alumnado ten responsabilidade sobre distintos aspectos da organización e do funcionamento da aula e do centro. Participa na toma de decisións que despois recoñece como propias na súa aplicación. É importante que a súa implicación nos acordos sexa recoñecible, se visualice na aula e no centro.
- **Aprendizaxe grupal**, experiencias de aprendizaxe significativa a través de dinámicas de grupo. Os participantes do grupo son suxeitos activos de ensino e aprendizaxe e non só obxectos de aprendizaxe. Contempla unha participación activa de todo o alumnado.
- **Mesas e Consellos de participación social da infancia**, son espazos de traballo e de toma de decisións entre nenos, nenas e adolescentes con relación a aspectos relacionados coa súa comunidade.

O clima escolar

A aprendizaxe na escola vese facilitada en ambientes de benestar psicolóxico e ético. Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e a escola e o compromiso cos demais.

Como pode a CDN axudar a conseguir todo isto?

A Convención dos Dereitos do Neno, pola súa potencialidade educativa, pode entenderse como referente para ler e comprender esta realidade. Como código compartido permite interpretar a adecuación das relacións e experiencias comúns, desde unha perspectiva de dereitos en que o neno asume responsabilidades co grupo e a comunidade.

Así, o texto da Convención é unha ferramenta para favorecer o bo clima escolar en catro niveis diferentes:

1. O benestar dos nenos e das nenas.
2. A aula, como espazo común de convivencia onde se comparte a maior parte do tempo co grupo e establécense os vínculos entre iguais.
3. O centro escolar, como representación social e comunitaria.
4. A contorna, en que se crean espazos de pertenza e participación.



0 exercicio da cidadanía global

UNICEF fomenta o desenvolvemento, en nenos, nas nenas e na mocidade, de actitudes e valores como a solidariedade a nivel mundial, a paz, a tolerancia, a xustiza social e a toma de conciencia respecto a cuestións ambientais, dotando a eses grupos dos coñecementos e aptitudes que lles permitan promover eses valores e xerar cambios nas súas propias vidas e nas da súa comunidade, tanto a escala local como global.

A finalidade derradeira é promover a cidadanía global. Unha perspectiva global na educación axuda aos nenos, nenas e a mocidade a darse conta das interrelacións que hai entre as diferentes partes do mundo, o modo en que os acontecementos pasados e presentes configuran o futuro, e as conexións entre os asuntos sociais, económicos, políticos e do medio. Son animados a seren conscientes tanto dos seus dereitos como das súas responsabilidades, fomenta a súa implicación activa no proceso de cambio e desenvolve hábitos de participación democrática.

Aprender sobre os dereitos da infancia de forma participativa supón que o alumnado se sinta incluído, posto que son os dereitos que os amparan máis directamente. Isto supón un desenvolvemento da súa autoestima orientado a mellorar o coñecemento dos outros e os seus dereitos e unido á aprendizaxe de habilidades de negociación e de resolución pacífica de conflitos. Ademais, provócanse situacións que favorecen a colaboración do profesorado e das familias. Todo iso dálle pulo á cohesión da comunidade escolar arredor duns valores compartidos e universais, onde cada axente identifica o seu papel e sente cubertas as súas necesidades.

Entendemos a cooperación como unha actitude desexable nos alumnos e nas alumnas, e como un sistema internacional de axuda entre os países desenvolvidos e os países en desenvolvemento. Un traballo cooperativo é aquel que busca a acumulación de esforzos e aproveita as virtudes e as capacidades das persoas ou axentes implicados para provocar sinerxías e acadar máis facilmente os obxectivos desexados. Polo tanto, a cooperación é tamén unha destreza, unha actitude persoal e un valor, non só o resultado dunha acción. Esforzarse aquí como xesto solidario con outro lugar do planeta é un bo exemplo de cooperación. A participación infantil é un dereito recoñecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Acadar unha participación informada, voluntaria e comprometida que lles permita, no posible, tomar as súas propias decisións e iniciativas será un gran logro educativo. Un esforzo que, especialmente no traballo entre iguais, inflúe positivamente nos resultados académicos e na convivencia.

O proceso de aprendizaxe

COÑECER

A través da exploración individual ou grupal, os nenos, as nenas e a mocidade poden acceder a unha información significativa. É necesaria unha valoración crítica desa información, en busca de situacións problemáticas que esperten o seu interese e orienten as etapas seguintes.

idea

- Promovemos** o coñecemento da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Exploramos** a relación que existe entre os dereitos da infancia e as necesidades individuais de cada alumno/a.

acción

Desenvolvemos as actividades educativas e profundizamos no **coñecemento e interiorización dos dereitos da infancia** e as responsabilidades que se derivan deles.

RESPONDER

Trátase de provocar unha postura persoal ante a situación. A creación desas situacións problemáticas desestabiliza a experiencia persoal e crea un conflito axiolóxico. A resposta é a toma de conciencia que supón a admisión dun determinado valor como solución ao conflito. Ese valor pasa a algún lugar da escala persoal preexistente e queda arraigado como nova aprendizaxe significativa.

idea

- Solidarizámonos** cos que non están a ver cumpridos todos os seus dereitos.
- Propoñemos** as nosas solucións e informamos aos demais.

acción

Celebra con toda a comunidade educativa cada 20 de novembro o **aniversario da Convención das Nacións Unidas** sobre os Dereitos do Neno (Día Universal da Infancia).

COMPROMETERSE

É tomar partido e realizar unha acción transformadora, adoptar decisións sobre a proxección deses valores en condutas prácticas e realistas en relación co tema. O nivel de compromiso e a vontade do seu mantemento radican na consolidación definitiva do valor aprendido.

idea

- Mobilizamos á comunidade escolar polos dereitos da infancia no mundo.
- Involucramos a nosa contorna próxima e traballamos xuntos polos dereitos da infancia.

acción

Participa na **campaña escolar** de UNICEF España.

Eleva ao Consello Escolar a inclusión no Proxecto Educativo do Centro o enfoque de Dereitos da Infancia e responsabilidades.

Formularios dos grupos de discusión

A título informativo facilitámosvos os formularios dos cinco grupos de discusión. Para cubrilos, recomendámosvos que empreguedes as fichas de autoavaliación que vos incluimos xunto con esta guía e os que tedes en versión electrónica na páxina www.enredate.org/educacionenderechos

GRUPO DE TRABAJO 1

Equipo directivo, coordinadores/as de ciclo e etapa, directores/as de departamento e membros dos equipos de orientación.

Cuestións para contestar con:

- Totalmente en desacordo
- En desacordo
- De acordo
- Totalmente de acordo

Educación en dereitos da infancia

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, as nenas e os adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolve a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos.

Preguntas:

1. Os documentos do centro (PEC, PGA, etc.) contemplan explicitamente os dereitos da infancia.
2. A Programación Xeral Anual establece accións e recursos para coñecer e vivir os dereitos da infancia no centro.
3. Existe tempo suficiente no horario escolar que permita dar unha atención personalizada ao alumnado.
4. No centro transmítense altas expectativas a todo o alumnado.
5. O equipo directivo, o claustro e os equipos técnicos de coordinación pedagóxica pónense de acordo para que en todas materias se faga explícito o enfoque de dereitos da infancia.

En resumo, integramos os dereitos da infancia nos documentos oficiais do noso centro e incluímos na programación curricular das materias. Tamén ofrecemos unha atención personalizada ao alumnado dentro do horario escolar.

Participación Infantil e outros dereitos

A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social, amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade.

Preguntas:

6. O alumnado dispón de espazos, medios e tempo para facer propostas e expresar libremente a súa opinión.
7. O centro promove a implementación na aula de metodoloxías participativas-colaborativas.
8. O alumnado pode realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado.
9. O alumnado e as familias participan activamente na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.
10. Todo o alumnado dispón de suficientes xogos e material lúdico para poder facer uso del no centro e na casa.

En resumo, o centro educativo ofrece os medios para que o alumnado poida facer propostas sobre a vida escolar, realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado. Ademais participa xunto ás súas familias na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.

Protección da infancia

Unha contorna de protección significa que os nenos e as nenas estean no centro educativo dunha forma segura e que a comunidade escolar estea informada dos riscos e teña capacidade de resposta. Se falta calquera destas dúas capas protectoras, aumenta a vulnerabilidade dos nenos e nenas á explotación, o maltrato e a violencia.

Preguntas:

11. No centro hai medidas de atención para o alumnado que presenta carestías na alimentación, vestimenta, hixiene, atención sanitaria ou axeitada vivenda.
12. No centro é frecuente que se produzan ameazas, humillacións, insultos, agresións físicas ou ciberacoso no alumnado.
13. O profesorado está capacitado para a detección de maltrato físico no alumnado.

14. O alumnado recibe educación sobre prevención do abuso e agresión sexual.

15. O alumnado recibe educación sobre:

- Prevención do tabaquismo, consumo de alcol e drogodependencia.
- Hábitos de alimentación saudable e prevención da bulimia, anorexia e outros trastornos alimentarios.
- Educación afectivosexual e educación para a prevención de embarazos precoces.
- Educación viaria.
- Contidos ilícitos e nocivos en Internet e o uso axeitado das TIC.

16. O centro fomenta a asertividade, as destrezas comunicativas e as habilidades para a resolución de conflitos entre o alumnado.

17. O centro realiza accións de prevención de actos xenófobos e racistas.

18. O centro realiza accións de prevención de actos sexistas e homófobos.

19. O centro compensa a falta de recursos das familias para que todo o alumnado poida acceder ás actividades e servizos que se ofertan.

20. As instalacións e os recursos do centro educativo son seguros e están adaptados ás necesidades do alumnado con discapacidade física, intelectual e sensorial.

En resumo, o centro educativo efectúa a protección ao alumnado fronte a todo tipo de violencia, abuso e agresións sexuais, fronte a prácticas prexudiciais contra a saúde e contra calquera tipo de discriminación.

Clima escolar

Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e coa escola e co compromiso cos demais.

Preguntas:

21. O centro establece unha relación estable e recíproca coas familias, as asociacións, colectivos da contorna, e cos servizos sociais e de protección existentes no municipio.

22. As familias, as asociacións e colectivos do barrio participan activamente na planificación e desenvolvemento de actividades no centro.

23. Existe unha visión compartida entre o centro educativo e as familias sobre a guía educativa, en beneficio do interese superior do menor.

24. As relacións persoais están caracterizadas pola igualdade, o respecto pola dignidade das persoas e a convivencia pacífica, entre:

- O alumnado entre si.
- O persoal do centro e o alumnado.
- O persoal do centro e as familias.
- O persoal do centro entre si.

En resumo, a frecuencia, intensidade e calidade das relacións entre o centro e as familias é moi boa e existe unha gran participación conxunta na toma de decisións. Ademais hai un compromiso de toda a comunidade escolar cunha guía educativa en beneficio do interese superior do menor.

Formularios dos grupos de discusión

GRUPO DE TRABAJO 2

Titores

Cuestións para contestar con:

- Totalmente en desacordo
- En desacordo
- De acordo
- Totalmente de acordo

Educación en dereitos da infancia

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, nenas e adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolver a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos.

Preguntas:

1. Os documentos do centro (PEC, PGA, etc.) contemplan explicitamente os dereitos da infancia.
2. Existe tempo suficiente no horario escolar que permita dar unha atención personalizada ao alumnado.
3. As familias dedican tempo suficiente ao reforzo educativo na casa.
4. No centro transmítense altas expectativas a todo o alumnado.
5. Os docentes incluímos o enfoque de dereitos da infancia nas clases e recorren asiduamente no desenvolvemento dos contidos das súas materias.

En resumo, integramos os dereitos da infancia nos documentos oficiais do noso centro e incluímos na programación curricular das materias. Tamén ofrecemos unha atención personalizada ao alumnado dentro do horario escolar.

Participación Infantil e outros dereitos

A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social,

amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade.

Preguntas:

6. O alumnado dispón de espazos, medios e tempo para facer propostas e expresar libremente a súa opinión.
7. O centro promove a implementación na aula de metodoloxías participativas-colaborativas.
8. O alumnado pode realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado.
9. Todo o alumnado dispón de suficientes xogos e material lúdico para poder facer uso no centro e na casa.

En resumo, o centro educativo ofrece os medios para que o alumnado poida facer propostas sobre a vida escolar, realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado. Ademais participa xunto coas súas familias na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.

Protección da infancia

Unha contorna de protección significa que os nenos e as nenas estean no centro educativo dunha forma segura e que a comunidade escolar estea informada dos riscos e teña capacidade de resposta. Se falta calquera destas dúas capas protectoras, aumenta a vulnerabilidade dos nenos e das nenas á explotación, o maltrato e a violencia.

Preguntas:

10. No centro hai medidas de atención para o alumnado que presenta carestías na alimentación, vestimenta, hixiene, atención sanitaria ou axeitada vivenda.
11. No centro é frecuente que se produzan ameazas, humillacións, insultos, agresións físicas ou ciberacoso ao alumnado.
12. Os docentes estamos capacitados para a detección de maltrato físico ao alumnado.

13. O alumnado recibe educación sobre prevención do abuso e agresión sexual.

14. O alumnado recibe educación sobre:

- Prevención do tabaquismo, consumo de alcol e drogodependencia.
- Hábitos de alimentación saudable e prevención da bulimia, da anorexia e doutros trastornos alimentarios.
- Educación afectivosexual e educación para a prevención de embarazos precoces.
- Educación viaria.
- Contidos ilícitos e nocivos en Internet e o uso axeitado das TIC.

15. O centro fomenta a asertividade, as destrezas comunicativas e as habilidades para a resolución de conflitos entre o alumnado.

16. O centro realiza accións de prevención de actos xenófobos e racistas.

17. O centro realiza accións de prevención de actos sexistas e homófobos.

18. O centro compensa a falta de recursos das familias para que todo o alumnado poida acceder ás actividades e servizos que se ofertan.

19. As instalacións e os recursos do centro educativo son seguros e están adaptados ás necesidades do alumnado con discapacidade física, intelectual e sensorial.

En resumo, o centro educativo efectúa a protección ao alumnado fronte a todo tipo de violencia, abuso e agresións sexuais, fronte a prácticas prexudiciais contra a saúde e contra calquera tipo de discriminación.

Clima escolar

Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha

atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e coa escola e co compromiso cos demais.

Preguntas:

20. As familias, as asociacións e colectivos do barrio participan activamente na planificación e desenvolvemento de actividades no centro.

21. Existe unha visión compartida entre o centro educativo e as familias sobre a guía educativa, en beneficio do interese superior do menor.

22. As relacións persoais están caracterizadas pola igualdade, o respecto pola dignidade das persoas e a convivencia pacífica, entre:

- O alumnado entre si.
- O persoal do centro e o alumnado.
- O persoal do centro e as familias.
- O persoal do centro entre si.

En resumo, a frecuencia, intensidade e a calidade das relacións entre o centro e as familias é moi boa e existe unha gran participación conxunta na toma de decisións. Ademais hai un compromiso de toda a comunidade escolar cunha guía educativa en beneficio do interese superior do menor.

Formularios dos grupos de discusión

GRUPO DE TRABAJO 3

Familias

Cuestións para contestar con:

- Totalmente en desacordo
- En desacordo
- De acordo
- Totalmente de acordo

Educación en dereitos da infancia

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, as nenas e os adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolve a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos.

Preguntas:

1. Os documentos do centro (PEC, PGA, etc.) contemplan explicitamente os dereitos da infancia.
2. As familias dedicamos tempo suficiente ao reforzo educativo na casa.
3. No centro transmítense altas expectativas a todo o alumnado.
4. Os docentes inclúen o enfoque de dereitos da infancia nas súas aulas e recorren asiduamente no desenvolvemento dos contidos das súas materias.

En resumo, intégranse os dereitos da infancia nos documentos oficiais do noso centro e inclúense na programación curricular das materias. Tamén se ofrece unha atención personalizada ao alumnado dentro do horario escolar.

Participación Infantil e outros dereitos

A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social, amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade.

Preguntas:

5. O alumnado pode realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado.
6. O alumnado e as familias participamos activamente na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.
7. Todo o alumnado dispón de suficientes xogos e material lúdico para poder facer uso no centro e na casa.

En resumo, o centro educativo ofrece os medios para que o alumnado poida facer propostas sobre a vida escolar, realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado. Ademais participa xunto ás súas familias na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.

Protección da infancia

Unha contorna de protección significa que os nenos e as nenas estean no centro educativo dunha forma segura e que a comunidade escolar estea informada dos riscos e teña capacidade de resposta. Se falta calquera destas dúas capas protectoras, aumenta a vulnerabilidade dos nenos e nenas á explotación, o maltrato e a violencia.

Preguntas:

8. No centro hai medidas de atención para o alumnado que presenta carestías na alimentación, vestimenta, hixiene, atención sanitaria ou adecuada vivenda.
9. No centro é frecuente que se produzan ameazas, humillacións, insultos, agresións físicas ou ciberacoso cara o alumnado.
10. O alumnado recibe educación sobre:
 - Prevención do tabaquismo, consumo de alcol e drogodependencia.
 - Hábitos de alimentación saudable e prevención da bulimia, anorexia e outros trastornos alimentarios.
 - Educación afectivosexual e educación para a prevención de embarazos precoces.

- Educación viaria.
- Contidos ilícitos e nocivos en Internet e o uso axeitado das TIC.

11. O centro compensa a falta de recursos das familias para que todo o alumnado poida acceder ás actividades e servizos que se ofertan.

12. As instalacións e os recursos do centro educativo son seguros e están adaptados ás necesidades do alumnado con discapacidade física, intelectual e sensorial.

En resumo, o centro educativo efectúa a protección ao alumnado fronte a todo tipo de violencia, abuso e agresións sexuais, fronte a prácticas prexudiciais contra a saúde e contra calquera tipo de discriminación.

Clima escolar

Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e a escola e o compromiso cos demais.

Preguntas:

13. O centro establece unha relación estable e recíproca coas familias, as asociacións, colectivos da contorna, e cos servizos sociais e de protección existentes no municipio.

14. As familias, as asociacións e colectivos do barrio participamos activamente na planificación e desenvolvemento de actividades no centro.

15. Existe unha visión compartida entre o centro educativo e as familias sobre a guía educativa, en beneficio do interese superior do menor.

16. As relacións persoais están caracterizadas pola igualdade, o respecto pola dignidade das persoas e a convivencia pacífica, entre:

- O alumnado entre si.
- O persoal do centro e o alumnado.
- O persoal do centro e as familias.
- O persoal do centro entre si.

En resumo, a frecuencia, intensidade e calidade das relacións entre o centro e as familias é moi boa e existe unha gran participación conxunta na toma de decisións. Ademais hai un compromiso de toda a comunidade escolar cunha guía educativa en beneficio do interese superior do menor.

Formularios dos grupos de discusión

GRUPO DE TRABAJO 4

Alumnado

Cuestións para contestar con:

- Totalmente en desacordo
- En desacordo
- De acordo
- Totalmente de acordo

Educación en dereitos da infancia

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, as nenas e adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolve a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos.

Preguntas:

1. Temos tempo no horario escolar para expoñerlles os nosos problemas aos profesores e profesoras.
2. As nosas familias axúdannos coa tarefa na casa.
3. Sentimos que no colexio/instituto os profesores e profesoras confían no que somos capaces de facer.
4. O profesorado fálanos sobre os dereitos da infancia na clase.

En resumo, o colexio/instituto incorpora os dereitos da infancia nos documentos oficiais do noso centro e inclúeos na programación das materias. Tamén nos ofrece atención personalizada dentro do horario escolar.

Participación Infantil e outros dereitos

A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social, amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade.

Preguntas:

5. O colexio/instituto ofrécenos un espazo e momentos onde expresar as nosas propostas e ideas.
6. Podemos expresar a espiritualidade ou as nosas crenzas sen medo a que nos ridiculicen ou ameacen.
7. Participamos xunto ás nosas familias na elaboración e realización das actividades extraescolares.
8. Todos dispoñemos de suficientes xoguetes para usar no colexio/instituto e na casa.

En resumo, o centro educativo ofrécenos os medios para que poidamos facer propostas sobre a vida escolar, realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado. Ademais participamos xunto ás nosas familias na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.

Protección da infancia

Unha contorna de protección significa que os nenos e as nenas estean no centro educativo dunha forma segura e que a comunidade escolar estea informada dos riscos e teña capacidade de resposta. Se falta calquera destas dúas capas protectoras, aumenta a vulnerabilidade dos nenos e nenas á explotación, o maltrato e a violencia.

Preguntas:

9. No colexio/instituto hai axudas para os nenos, nenas e adolescentes que lles falta comida, roupa, tratamento médico ou unha casa.
10. No colexio/instituto é frecuente que se produzan ameazas, humillacións, insultos, agresións físicas ou ciberacoso no alumnado.
11. Recibimos educación sobre prevención do abuso e agresión sexual.

12. Recibimos educación sobre:

- Consumo de tabaco, alcol e drogas.
- Como alimentarnos de maneira saudable e para previr a bulimia e a anorexia.
- Educación afectivosexual e educación para a prevención de embarazos precoces.
- Educación viaria.
- Como usar internet de forma segura.

13. No colexio/instituto todos podemos gozar dos recursos e das actividades que se ofrecen.

14. As instalacións do colexio/instituto son seguras e están adaptadas para os nenos, nenas e adolescentes con algún tipo de discapacidade.

En resumo, o centro educativo protéxenos fronte a todo tipo de violencia, abuso e agresións sexuais, fronte a prácticas prexudiciais contra a saúde e contra calquera tipo de discriminación.

Clima escolar

Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e a escola e o compromiso cos demais.

Preguntas:

15. Sentímolos tratados con igualdade e respectados nas nosas relacións, entre:

- Estudantes.
- O profesorado e estudantes.
- O profesorado e as nosas familias.

En resumo, as relacións entre o centro e as familias é moi boa e existe unha gran participación conxunta na toma de decisións. Ademais hai un compromiso de toda a comunidade escolar no noso beneficio.

Formularios dos grupos de discusión

GRUPO DE TRABAJO 5

Persoal de administración e servizos, responsable municipal, técnicos de comedor e de actividades extraescolares

Cuestións para contestar con:

- Totalmente en desacordo
- En desacordo
- De acordo
- Totalmente de acordo

Educación en dereitos da infancia

A educación baseada nos dereitos da infancia promove o cumprimento dos dereitos de todos os nenos, nenas e adolescentes, como establece a Convención sobre os Dereitos do Neno, e desenvolve a capacidade dos titulares de deberes para cumprir coas súas obrigas de respectar, protexer e cumprir eses dereitos.

Preguntas:

1. No centro transmítense altas expectativas no alumnado.

En resumo, integramos os dereitos da infancia nos documentos oficiais do noso centro e incluímos na programación curricular das materias. Tamén ofrecemos unha atención personalizada ao alumnado dentro do horario escolar.

Participación Infantil e outros dereitos

A participación facilita os procesos de cohesión social e mellora o benestar das persoas e da súa contorna social. Os nenos e nenas que participan, de maneira activa, nunha iniciativa social, amplían a súa visión sobre os dereitos, as responsabilidades e as obrigas na súa comunidade.

Preguntas:

2. O alumnado pode realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado.
3. O alumnado e as familias participan activamente na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.
4. Todo o alumnado dispón de suficientes xogos e material lúdico para poder facer uso no centro e na casa.

En resumo, o centro educativo ofrece os medios para que o alumnado poida facer propostas sobre a vida escolar, realizar manifestacións de espiritualidade ou crenzas sen medo a ser ridiculizado ou ameazado. Ademais participa xunto ás súas familias na elaboración, xestión e realización das actividades extraescolares.

Protección da infancia

Unha contorna de protección significa que os nenos e nenas estean no centro educativo dunha forma segura e que a comunidade escolar estea informada dos riscos e teña capacidade de resposta. Se falta calquera destas dúas capas protectoras, aumenta a vulnerabilidade dos nenos e nenas á explotación, o maltrato e a violencia.

Preguntas:

5. No centro hai medidas de atención para o alumnado que presenta carestías na alimentación, vestimenta, hixiene, atención sanitaria ou axeitada vivenda.
6. No centro é frecuente que se produzan ameazas, humillacións, insultos, agresións físicas ou ciberacoso no alumnado.
7. O centro fomenta a asertividade, as destrezas comunicativas e as habilidades para a resolución de conflitos entre o alumnado.
8. O centro realiza accións de prevención de actos xenófobos e racistas.
9. O centro realiza accións de prevención de actos sexistas e homófobos.
10. As instalacións e os recursos do centro educativo son seguros e están adaptados ás necesidades do alumnado con discapacidade física, intelectual e sensorial.

En resumo, o centro educativo efectúa a protección a alumnado fronte a todo tipo de violencia, abuso e agresións sexuais, fronte a prácticas prexudiciais contra a saúde e contra calquera tipo de discriminación.

Clima escolar

Un bo clima escolar caracterízase por relacións interpersoais positivas, sentimentos de aceptación e de seguridade emocional. A promoción de valores de respecto favorece os vínculos na comunidade e a actividade escolar. Unha atmosfera positiva estimula o sentido de pertenza e identificación co grupo e a escola e o compromiso cos demais.

Preguntas:

- 11.** O centro establece unha relación estable e recíproca coas familias, as asociacións, colectivos da contorna, e cos servizos sociais e de protección existentes no municipio.
- 12.** As familias, as asociacións e colectivos do barrio participan activamente na planificación e desenvolvemento de actividades no centro.
- 13.** Existe unha visión compartida entre o centro educativo e as familias sobre a guía educativa, en beneficio do interese superior do menor.
- 14.** As relacións persoais están caracterizadas pola igualdade, o respecto pola dignidade das persoas a convivencia pacífica, entre:
 - O alumnado entre si.
 - O persoal do centro e o alumnado.
 - O persoal do centro e as familias.
 - O persoal do centro entre si.

En resumo, a frecuencia, intensidade e calidade das relacións entre o centro e as familias é moi boa e existe unha gran participación conxunta na toma de decisións. Ademais hai un compromiso de toda a comunidade escolar cunha guía educativa en beneficio do interese superior do menor.

NOTAS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).ciudadanía global

